



INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO ÚNICO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS

Documentación que deben enviar as entidades para solicitar a súa inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS):

O procedemento para a inscrición iniciárase coa presentación polo/a titular ou representante legal da entidade, da correspondente solicitude de inscrición normalizada, ante a **Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais** da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

A solicitude de inscrición poderase descargar no seguinte enlace:

<http://avepss.traballoebeneficencia.xunta.es/inscripcion.html>, e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) A acreditación da identidade da persoa que asina a solicitude e/ou da súa representación, ou o consentimento expreso para a súa comprobación por medios telemáticos (*cumprimento a casilla correspondente da solicitude normalizada*).
- b) O proxecto específico de servizos sociais a desenvolver pola entidade incluídos no marco dos obxectivos do artigo 3 e 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, as persoas destinatarias do mesmo, o/s enderezo/s das instalacións nas que realizará/n a/s actividade/s e a cartera de servizos que vai desenvolver.
- c) A denominación da entidade e do/s centro/s ou programa/s dos que sexa titular (*lémbrese que a denominación elixida non poderá coincidir con outras que xa estean inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, polo que recomendase realizar una busca no aplicativo polo nome elixido, para determinar a posible concurrencia coa denominación doutras entidades, centros ou programas xa inscritos*).
- d) No caso de que se trate dunha persoa xurídica xuntarase ademáis,
 - a copia da acta ou acordo de constitución da entidade e dos seus estatutos,
 - o seu número de identificación fiscal (CIF definitivo),
 - o documento acreditativo da composición do órgano de goberno,



- o certificado da inscrición da entidade no rexistro oficial correspondente á súa natureza.

(Lembre que non poderán inscribirse aquelas entidades que non gocen de personalidade xurídica de conformidade co disposto na normativa vixente)

- e) De pretender a clasificación da entidade como entidade de iniciativa social, o/a representante legal da entidade certificará que se cumpren os requisitos recollidos nos apartados 2, 5, 6 e 10 do artigo 3 da Lei 42/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. (BOE núm. 307 do 24 decembro). Na Asesoría Virtual de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dispón dun enlace ao modelo de certificación.

Os datos recollidos no rexistro deben ser completos, veraces e responder fielmente á realidade.

(A incorporación de datos inexactos ou falsos constituirá unha infracción administrativa de conformidade co apartado a) do artigo 80 e os apartados k), l), n) do artigo 81 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia).

Prazo de resolución da solicitude: 3 meses

Sentido do silencio: negativo. Unha vez transcorrido este prazo, sen que se resolva expresamente a solicitude, esta entenderase desestimada.